PUBLIC 305

# O GAITEIRO DE LUGO

## Calendario Gallego

## Pro Ano de 1953

**Relixioso, profético, astronómico, recreativo, patriótico, popular e barato**

**Ano 96 da fundación** **Propiedá rexistrada**

**Propietario: XERARDO CASTRO**

## VÉNDESE A 1'50 PTAS.

Ano de cincoenta e dous
afellas que ben nos deixas:
fuches longo para as mozas,
fuches curto para as vellas.



O gaiteiriño de Lugo
ven pol-a Chanca a tocar;
vellas, é do voso tempo,
mociñas, víndeo escoitar.

VENTA DISTE CALENDARIO:

*En Santiago, Almacenes de Juan M. Pintos Sanmartín, Sucesor de Vda. de M. Neira Torrado, Casas Reales, 17*
*Na Cruña, Hijos de Gervasio Varela, Librería e Imprenta-Carballo*
*En Vigo, Mariano García, Calle García Barbón, 17*
*En Ourense, Manuel García e Fillos, Lamas Carvajal, 7*

**Pedidos a o Editor: XERARDO CASTRO, San Pedro, 29.-LUGO**

Biblioteca de Galicia

## Feiras e mercados da provincia de Lugo

*Concello de Abadin.* Primeiro e terceiro sábado Gontán.

*Alfoz.*-13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xulio Lagoa; o primeiro miércoles Mor

*Antas de Ulla.* O 10, e mercado todos os lunes.

*Baleira*-.Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

*Barreiros.*-Primeiro domingo 1.º de Marzo, e mercado os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián.

*Becerreá.*-O 3, 12 e 19; 12 de novembro (anual).

*Begonte.*-1.º e 15 Pacio e si o 15 e doming o 14.

*Carballedo.*-17 e 29 Castro; 4 Buciños.

*Castro de Rey.*-Cada 15 días en domingo alca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

*Caurel.*-O segundo e coarto domingo Seoane; 1.º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

*Cervantes.*-Coarto domingo Donís; 28 Quindós; 17 San Martiño da Riveira; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

*Cervo.* O primeiro domingo e o 1 .

*Corgo.*-13 Aday; 23 Gomean.

*Cospeito.*-Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xoves Muimenta.

*Chantada.*-O 5 e 21 e mercados os martes, xoves e domingos; 2 Laxe.

*Castroverde.*—Cada quince días; 12 Miranda.

*Fonsagrada.*-20 de Xaneiro; 25 de Marzo; 25 de Abril; Ascensión; Corpus; 24 de Xunio; 2 de Xulio; 15 de Agosto; 8, 9, 10 e 11 de Setembro e 8 de Novembro e mercados os sábados.

*Foz.*-Mercado os martes; 10 e 24 Espiñeira.

*Friol.*-O 14 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

*Germade.*-4 e 19 Momán; 13 Roupar.

*Guntín.*-5 Lousada; 11 Loousadela; 23 Grolos 15 San Román.

Biblioteca de Galicia

# O GAITEIRO DE LUGO

## Calendario Gallego

### pro Ano de 1953

*según as ouservaciós jeitas no Ouservatorio da ciudá de San Froilán*

---

**Unico que se pubrica en Galicia**

---

**Cómputo ecresiástico.**—Aureo número 16.—Indición román, 6.—Epacta, XIV.—Letra dominical, D.—Letra do martiroloxio, P.—Cicro solar, 2.

**Velacións.**—Péchanse o 18 de febreiro; ábrense o 6 de abril. Péchanse o 29 de Santos; ábrense o 26 de Nadal.

**Ecrises.**—*De Sol:* Dous, parciás, non se verán en España; un o 11 de xulio, e outro, o 9 de agosto.

*De Lúa:* Total, 29 e 30 de xaneiro. Veráse en Galicia. Escomenza a sombra as 21 horas 54 minutos; media, as 23 horas 47 minutos; remata, a 1 hora 40 minutos (hora Greenwich).—Total, o 26 de xulio, invisibre na nosa terra.

O 14 de Santos, será o paso do praneta Mercurio por diante do Sol. Escomenza pouco dempois das catro e media da tarde, hora oficial; remata, dempois das sete.

**Festas.**—Circuncisión, 1 de xaneiro.—Reises, o 6.—Setuaxésima, 1 de febreiro.—Domingo de Antroido, 15 de febreiro.—Miércoles de Cinza, o 18.—Primeiro domingo de Coresma, o 22.—Domingo de Pasión, 22 de marzal.—Domingo de Ramos, o 29.—Pascua de Resurrección, o 5 de abril.—As Pascuillas, o 13.—Ascensión do Señor, o 14 de mayo.—Pentecostés, 24 de mayo.—Trinidade, o 31.—Corpus, o 4 de San Xohán.—Ofrenda do Reino de Galicia, Do-

Use polvos «Pinós» pros bacoriños



Biblioteca de Galicia

mingo Infraoctava, o 11.—Sagrado Corazón, o 12.—Festa de Cristo Rey, 25 de outono.—Primeiro Domingo de Advento, 29 de Santos.

**Témporas.**—Febreiro, 25, 27 e 28; Mayo, 27, 29 e 30; Setembro, 16, 18 e 19; Nadal, 16, 18 e 19.

**Rogacións.**—Mayores, 25 de abril; menores, 11, 12 e 13 de mayo.

## XUICIO E ALBORADA DO ANO.

Ay, galegos, vinde axiña
vinde todos escoitar
a alborada que o Gaiteiro
comenza a repinicar.

Escoitade a despedida
do ano que vay finar
y-as estrenas do aninovo
que o Gaiteiro ven cantar.

—

*Ano de cincoenta e dous*
*afellas que ben nos deixas;*
*fuches longo para as mozas,*
*fuches curto para as vellas.*

Bó pr'os moitos que medraron,
ruín pr'os que deveceron,
branco pr'os que se criaron,
mouro pr'os que nos morreron.

Puxeches cara de rosa
no abrente das ledas festas,
e nas noites de xiada
trouxéchenos com'as bestas.

Fuches santo nos altares;
e demo nas trangalladas;
sabio, en pouquiños papeles;
tolo, en fazañas soadas.

O fillo que agora nace
non será pior que o pai,
nace cun día de menos
e moita leria de mais.

 Merque polvos «Pinós» pras vacas

Biblioteca de Galicia

Pra saber como vay ser
non olledes para a lúa,
que é muller e ten falsía;
y-arreo de caras muda.

Nin pr'os pranetas siquera,
como os miraban denantes,
que arestora o tempo guían
os «pranetiños volantes».

Agora quen saber queira
que vai ser do aninovo,
que agarde a que morra vello
e xa pode saber todo.

Y-entramentras, con sosego
mentras o pau vay e ven,
escoitemos a alborada,
que ben fina o que ven ben.

*O gaiteiriño de Lugo*
*ven pol-a Chanca a tocar;*
*vellas, é do voso tempo,*
*mociñas, víndeo escoitar.*

## ANTES Y-AGORA

O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado;
fun o vinteoito á feira
e non vin unha monteira
nin un dengue colorado.

Quizás alguén me non crea;
os sombreiros de Sevilla
están de moda n' aldea,
e n' hay bonita nin fea,
que non chufe co-a toquilla.

¡Pon medo, así eu teñ' a Dios!;
N' a vida d' os meus abós
un mantelo ¡era un tesouro!
e menos d' unha onza d' ouro
non se mercaba un d' os bos.

Merque polvos «Pinós» pros porcos


Biblioteca de Galicia

Agora campa o precal
y-algunhas que nin pra sal
teñen un carto no peto,
visten... ¡que meten respeto!
y-hastra s' emboutan de cal.

Os mozos son mais profanos:
¡Queren parecer gitanos!
y-ahí en Vilamor xa s' usa
un fargallo d' unha brusa,
qu' envolve a sete peisanos.

A lengua de Rosalía
—rico caudal d' armonía,
que admiraba a Castelar—
moitos, na saben falar
y-os mais non lle teñen pía.

¿S' hay quen non val un pitillo,
nin sementa un grao de millo,
nin ha d' heredar un rego
e dall' azoutas ó fillo
pra que non fale en gallego?

E n'é unha tristura maña
ver que a mocedá s' apaña
co violín d' unha cega
e deix' a gaita gallega
entr' as uces d' a montaña?

Para un rapaciño aldeán
¡era a festa do San Juan
si lle cocían a bola!:
agora un guiche da escola
fúmall' as tripas a un can.

No hay quen faga un labor;
¡Cantos marchan n' o vapor,
mozos do val e d' a serra,
que van deixar n outra terra
o precio do seu sudor!

Non ¡n' aquel tempo pasado
non era tan desleigado

 Merque polvos «Pinós» pros cabalos

Biblioteca de Galicia

quen por un Creso se tiña
si daba o leite a vaquiña
y-abría sucos co arado!

A boa fe tampouco dura:
non precisaba escritura
o que prestaba diñeiro
nin se vía un xornaleiro
entr' as gadoupas da usura.

Pode a Igrexa verquer pranto:
N' aqueles tempos, qu' eu canto,
s' iban meus abós de festa,
non s' encentaba unha cesta
antes de tomar o Santo.

Dóyam' ou non... ¡eu ben vexo
o qu' hoxe pasa!, no adrexo
entran picand' o cigarro
e xúntanse o pé do carro,
que trouxo pr' alí o pelecho.

Acabouse a cortesía;
Teñen dous unha porfía
¡pol o valor d' esta palla!
e xa sacan a navalla
no mellor d' a romería.

¡Todo aló vai! Si é ilusión
procramar a tradición
cando tanto lle fan guerra,
letrados d' a miña terra:
fala un caloyo, ¡perdón!

† A. Noriega Varela.

## AS ABELLAS

As abellas, amigas, ay, voaron,
o enxamio que fuxíu vaga perdido;
os cortizos, ¿qué valen sen abellas?
e as abellas, ¿qué valen sen cortizos?

† Xohán Armada Losada,
Marqués de Figueroa



Biblioteca de Galicia

## XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESUS

1 Xov. † *A Circuncisión do Señor.*-ss. Fulxencio, Xustina, Martiña, i Eufrosia.—I. P.
2 Vier. O Santísimo Nome de Xesús.-ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).
3 Sáb. ss. Xenoveva e Daniel.
4 Dom. ss. Aquilino, Tito e Benedicta.
5 Lun. ss. Anastasio e Teodoro bispo (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar i Emiliana.
6 Mar. † *Epifanía.-A Adoración dos Santos Reises* Melchor, Gaspar e Baltasar e San Meliano.-I. P.
7 Miér. ss. Xulián, patrón do Ferrol e Fiz.
8 Xov. ss. Maximino, Luciano e Gódulo.

*Mingoa ás 10'9 da mañán*

Días de friaxe. Algunhas choviscas. «En xaneiro mete obreiro, antes de sebe que de parede...», dicían os vellos.

9 Vier. ss. Marcelino, Xulián. Vidal e Marciana.
10 Sáb. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xoán.
11 Dom. ss. Teodosio, Hixinio; Salvio e Anastasio.
12 Lun. ss. Arcadio, Victoriano; Benito e Modesto.
13 Mar. ss. Leoncio Gumersindo e Verónica.
14 Miér. ss. Hilario y-o beato Bernardo de Corleón.
15 Xov. ss. Pablo, Mauro e Benito.

*Nova ás 2'8 da tarde*

Xa temos eiquí a lúa do trinque, e siguen frías as pedras. Moita neve nos outos. Onde ven nos chans derrétese denantes de se lavar.

16 Vier. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.
17 Sáb. ss. Antonio Abade, Rosalina e Leonila.
18 Dom. A Cátedra de San Pedro en Roma e Santa Margarida.
19 Lun. ss. Mario. Sara, Marta e Canuto.
20 Mar. ss. Fabián. Sebastián e Felisa.

*Sol en Acuario ás 8'22 da mañán*

 Use polvos «Pinós» pros pitos

Biblioteca de Galicia

21 Miér. ss. Inés, Froitoso i-Epifanio.
22 Xov, ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio.

*Medra ás 5'43 da mañán*

Medra a lúa e medra a friaxe. Ehí vos ven un ventiño xiado que fai esterrexer.

23 Vier. ss. Adefonso e Raimundo de Peñafort.
24 Sáb. Nosa Sra. da Paz e ss. Timoteo e Feliciano.
25 Dom. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo Osorio, Froalengo, Serdendo, Viliulfo, Payo, Alfonso e Pedro bispos (G), a Conversión de San Pedro e Santa Elvira.
26 Lun. ss. Froila (G) Policarpo, Teógenes e Paula.
27 Mar. ss. Olalla, Anxela e Xohán Crisóstomo.
28 Miér. ss. Cirilo, Tirso e Inés.
29 Xov. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.

*Chea ás 11'44 da noite*

De novo noites craras e xiadas, e días c'unha raxeira febreiriña. Ollo co ecrís da lúa.

30 Vier. ss. Martiña. Hipólito e Fiz.
31 Sáb. ss. Xohán Bosco, Xulio e Marcela.

NOTA.—I. P., Indulxencia Plenaria nas Estacións de Roma.—I. B., Indulxencia parcial.—(G) Santoral Galego.

Según Degredo da Congregación do Concilio os siñores Bispos poden deixar os aúnos e abstinencias deste xeito, pros que teñan a Santa Bula da Cruzada:

AUNO. Somentes o Miércoles de Cinza.

AUNO CON ABSTINENCIA.—Viernes Santo e as Vixilias da Asunción de Nosa Señora (14 de agosto) e de Nadal.

ABSTINENCIA DE CARNE, todol-os viernes de Coresma.

## CANTIGAS

A sombra da oliveira
é un regalo namorar;
tén a folla miudiña,
non deixa entrar o luar.

Catro cousas hay no mundo
que revolven o sentido,
amar e non ser amado,
querer e non ser querido.

Use polvos «Pinós» pras pitas 

Biblioteca de Galicia

## FEBREIRO 28 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

1 Dom. *de Septuaxésima.*—ss. Inacio, Severo, Pablo e Brixida. —*Anima.*—I. B.
2 Lun. A Candeloria e Santa Feliciana.
3 Mar. ss. Bras, Fiz e o Beato Nicolás.
4 Miér. ss. Andrés, Leonisa e Xilberto.
5 Xov. ss. Francisco Blanco mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.
6 Vier. ss. Tito, Teófilo, Saturnino e Dorotea.
7 Sáb. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.

*Míngoa ás 4'9 da noite*

Chan enxoito, en xaneiro dura pouco. Aquécenlle ben á terra estes días y-as chuvias temperan o tempo.

8 Dom. *de Sexagésima.*—ss. Xohán de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionisio.—*Anima.*—I. B.
9 Lun. ss. Cirilo, Donato e Apolonia.
10 Mar. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.
11 Miér. Nosa Señora de Lourdes e ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.
12 Xov. ss Euxenio, Damián e Olalla, Os sete santos fundadores dos Servitas.
13 Vier. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Luciana, Catalina e Gregorio Papa.
14 Sáb. ss. Valentín e o beato Xohán Bautista.

*Nova á 1'10 da noite*

Vira o tempo. Temos de novo a neve febreiriña, dura veciña, na montana.

15 Dom. *de Quincuaxésima (Antroido).*-ss. Faustino, Severo, Casto, Lucio e Decoroso.—I. P.
16 Lun. *de Antroido.*—ss. Elías Isaías, Xeremías, Xulián e Faustino.
17 Mar *de Antroido.*—ss. Xulián de Capadocia e Alexo.
18 Miér. *de Cinza.*—ss. Teotonio (G), Simón, Clodio, Eladio e Santa María Bernarda - *Péchanse as velacións.—Aúno.*—I. B.

 Use polvos «Pinós» pras galiñas

Biblioteca de Galicia

*Sol en Piscis ás 10'42 da noite*

19 Xov. ss. Gabino, Alvaro e Conrado.
20 Vier. ss. León, Eleuterio e Nemesio.-*Abst.*—I. B.

*Medra ás 5'44 do serán*

Ca lúa medra o quentor. A raxeira pode vir con andacios.

21 Sáb. ss. Máximo, Fiz e Ovidio.
22 Dom. *I de Coresma.*—A Cátedra de San Pedro en Antioquía e ss Pascasio e Trega.—I. B.
23 Lun. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida, Florencio e Pedro Damián.
24 Mar. ss. Matías, Modesto, Serxio e Primitiva.—*Anima.*—I. B.
25 Miér. ss. Valerio monxe (G), Cesáreo e Donato.—*Témporas.*—I. B.
26 Xov. ss. Leixandre, Fortunato e Víctor.
27 Vier. ss. Baldomero e Leandro.—*Abst.*—*Témporas.*—I. B.
28 Sáb. ss. Basilio, Procopio e Rufino.—*Témporas.*—I. B.

*Chea perto das 7 do serán*

Días quentes e criadores. Tivemos días de febreiro secos e tesos; xa toleará marzal.

## A DANZA DAS CANDEAS

Nenas destas aldeas
tragué candeas
a bendecir,
que a Virxen Candeloria
vos brinda groria
co seu sorrir.

Traguelle unha ruliña,
da sua almiña
remedo fiel,
do seu amor semello
decote espello
do candor d' el.

Con polas de romeiro,
sempre olideiro,
ramos facé,
e con bendito inxempro
seu sagro tempro
arrecendé.

Vinde que casadiños
os paxariños
reviven xa,
e Nai de tal Neniño
compañeiriño
fiel vos dará.

FRANCISCO MARÍA DE LA IGLESIA
1876

Use polvos «Pinós» pros coellos


Biblioteca de Galicia

## MARZAL 31 DIAS

ADICADO A SAN XOSÉ

1 Dom. *II de Coresma.*—ss. Rosendo bispo (G). Manilán abade (G) e o Santo Anxel da Garda.—I. B.
2 Lun. ss. Simpricio, Pablo, Lucio e Pedro de Zúñiga.-I. B.
3 Mar. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiana.-I. B.
4 Miér. ss. Casimiro, Cayo e Lucio.-I. B.
5 Xov. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Señora de Africa.—I. B
6 Vier. ss. Victoriano, Víctor, Cirilo e Perpétua.—*Abstinencia*.-I. B.
7 Sáb. ss. Tomás de Aquino *(Festa dos estudiantes)* e Felicitas.-I. B.
8 Dom. *III de Coresma.*—ss. Xohán de Dios e Fiz.-*Anima*.-I. B.

*Mingoa ás 6'26 do serán*

Xa escomenza o marceiro a marcear. Augas acó e friaxe acolá; no marzo, abrigo, noces e pan trigo.

9 Lun. ss. Francisca e Catalina.-I. B.
10 Mar. ss. Leixandre, Melitón e Os Corenta Mártires.-I. B.
11 Miér. ss. Euloxio Magno, Constantino e Fermín.-I. B.
12 Xov. ss. Gregorio, Maximilián e Nosa Señora da Misericordia.-I. B.
13 Vier. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.-*Abstinencia*.-I. B.
14 Sáb. ss Florentina e Matilde.-I. B.
15 Dom. *IV de Coresma.*—ss. Anxo Tutelar de Galicia, Lonxines, Raimundo e Melitón.- *Anima*.-I. B.

*Nova ás 11'5 da mañán*

A lúa do trinque ven mollada anque o tempero ten melloría; uns días, pouco é, mais quentes, que ventan treboada.

16 Lun. ss. Xulián, Ciriaco e Agapito.-I. B.

 Use "polvos" «Pinós» pros bacoriños

Biblioteca de Galicia

17 Mar. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.-I. B.
18 Miér. ss. Cirilo, Gabriel e Braulio.-I. B.
19 Xov. † *San Xosé esposo da Santísima Virxen.*-I. B.
20 Vier. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio. — *Abstinencia.*—I. B.

*Sol en Aries as 10'1 da noite*

¡PRIMAVEIRA!

21 Sáb. ss. Benito Abade e Filemón. I. B.
22 Dom. *de Pasión ou de Lázaro.*— ss. Deogracias, Pablo e Basilio.-I. P.

*Medra ás 8'10 da mañán*

A tempía revolta trouxo treboadas: marzo marzola, trebón e rayola. Neve dabondo nos eidos do lobo.

23 Lun. ss. Victoriano, Fidel e Toribio. I. B.
24 Mar. O Arcanxo San Gabriel e ss. Simón e Agapito.-I. B.
25 Miér. A Anunciación de Nosa Señora i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.-I. B.
26 Xov. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.-I. B.
27 Vier. *das Doores.*— ss. Xohán Damasceno, Ruperto, Lidia e Alexandro.-*Anima.-Abst.*-I. B.
28 Sáb. ss Xohán de Capistrano, Cástor, Doroteo e Sixto.-*Anima.*-I. B.
29 Dom. *de Ramos.*—ss. Pastor, Xonás i-Eustasio. I. B.
30 Lun. ss. Pedro Regalado, Xohán Clímaco, Víctor e Régulo. I. B.

*Chea as 12'55 da tarde*

Ninguén ainda sabe si a mellorla que ven ca lúa chea será unha boanza segura.

31 Mar. ss. Amadeo, Amós e Benxamín.-I. B.

ADIVIÑA

Alto estou—color de ouro teño
por unha risada—perdo canto teño.

(O ourizo e a castaña)



Biblioteca de Galicia

## ABRIL 30 DIAS

ADICADO AS DOORES DA VIRXE

1 Miér. ss. Venancio, Macario e Teodora.-*Festa nacional.*-I. B.
2 Xov. *Santo* —ss. Francisco de Paula, Urbano e Abundio.-I. B.
3 Vier *Santo.*—ss. Engracia virxe mártir (G), Ricardo, Benigno e Ulpiano.-*Abstinencia.*-I. B.
4 Sáb. *Santo ou de Groria.*—ss. Isidoro, Benito, Víctor e Zósimo.-I. B.
5 Dom. *de Pascua de Resurrección.*-ss. beato Xohán de Viveiro (G), Vicente Ferrer, Emilia e Irene.-I. B.
6 Lun. ss. Celso, Celestino e Marcelino.-*Abrense as velacións.*-I. B.
7 Mar. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.-I. B.

*Mingoa as 4'58 da mañán*

A y-auga de abril, reza o dito, enche o carro e o carril, que si por mal quer vir, as portas non deixa abrir.

8 Miér. ss. Alberto, Perpétuo, Máxima e Xenaro.-*Anima.*-I. B.
9 Xov. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.-I. B.
10 Vier. ss. Urbano abade (G), Ezequiel e Daniel. I. B.
11 Sáb. ss. León Antipas e Isaac.-I. B.
12 Dom. *in Albis (As Pascuillas).*—ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.-I. B.
13 Lun. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.

*Nova as 8'9 da noite*

Pra ser tan nova a lúa é ben rabuda ela. Se non fora por un ventiño nordesío...

14 Mar. ss. Fr. Pedro González Telmo, abogado dos mariñeiros (G). Tiburcio e Valeriano.
15 Miér. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena.
16 Xov. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G), Engracia, Cayo e Benito Labre.

 Use polvos «Pinós» pros porcos

Biblioteca de Galicia

17 Vier. ss. Aniceto, María Ana i-Elena.
18 Sáb. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.
19 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora, ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.-*Festa nacional.*
20 Lun. ss. Beato Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor.

*Sol en Tauro ás 9'26 da mañán*

21 Mar. ss. Anselmo, Apolonia e Alexandra.

*Medra ás 12'40 da noite*

Tempo criador, quente onde mollado que non é arreo. Co Sol no Touro, arroutadas de trebón.

22 Miér. Solemnidade de San Xosé, ss. Xerónima virxe (G), Sotero, Cayo e Angustias.
23 Xov. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.
24 Vier. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.
25 Sáb. ss. Marcos Antano i-Estebo.-*Rogacións maores.*-I. B.
26 Dom. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e Nosa Señora da Saleta.
27 Lun. ss. Anastasio, Toribio de Mogrovejo e Pedro Canisio.
28 Mar. ss. Estebo, Prudencio, Patricio, Vidal e Pablo de Cruz.
29 Miér. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.

*Chea ás 4'20 da mañán*

Que o Señor, que nos apartou da mala saravia, nos libre das xiadas. Os días craros son bós pra xente da vila.

30 Xov. ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina de Siena.

DITOS DOS VELLOS

Canto mais presa mais vagar
¿Chámasme a partir? Chámasme a reñir
De hoxe a mañán o carneiro cría lan
Mal anda o paxariño nas mans do meniño
Bés cantos vexas casa canto quepas
Fai ó que podas e non ó que queiras
Garda o pico e terás paz.

Use polvos «Pinós» pros cabalos


Biblioteca de Galicia

## MAYO 31 DIAS

MES DAS FRORES

1 Vier. Nosa Señora da Pastoriza e de Araceli, ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.
2 Sáb. ss. Atanasio e Fiz -*Festa nacional.*
3 Dom. A Invención da Santa Cruz e S. Alexandro.
4 Lun. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.
5 Mar. ss. Pío, Máximo, Euloxio e Agustiño.
6 Miér. ss. Xohán Ante Portam Latinam, patrón dos impresores, e Teodoro.

*Míngoa as 12'21 da mañán*

Estamos xa no mes en que casan os paxaros e inda bebe o boy no prado.

7 Xov. ss. Augusto, Agustiño, Domitila, Estanislao e Benedicto.
8 Vier. Nosa Señora dos Desamparados e a Aparición de San Miguel e San Eladio.
9 Sáb. ss. Gregorio Nacianceno e Lucas.
10 Dom. ss. Antoniño e o beato Xob.
11 Lun. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.—*Rogacións menores.*—I. B.
12 Mar. ss. Domingo da Calzada, Nero i-Epifanio.—*Rogacións menores.*—I. B.
13 Miér. Nosa Señora dos Mártires e ss. Pedro Regalado e Roberto Belarmino.—*Rogacións menores.*—I. B.

*Nova as 5'6 da mañán*

Chuvias de treboada que deixan craros. Algunha neve nos outeiros; fuxindo a friaxe, revira o tempo.

14 Xov. † *A Ascención do Señor.*—ss., Bonifacio, Pascoal, Xusta e Xustina.-I. B.
15 Vier. ss. Isidro labrador, Torcuato, Simplicio e Xohán B. de la Salle.
16 Sáb. ss. Xohán Nepomuceno, Ubaldo e Honorato.
17 Dom. ss. Pascual Bailón e Bruno.
18 Lun. ss. Fiz de Cantalicio, Xuliña e Dióscoro.
19 Mar. ss. Pedro, Celestino, Ciriaca e Prudencia.

 Use polvos «Pinós» pros pitos

Biblioteca de Galicia

20 Miér. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.

*Medra as 6'20 do serán*

Medra sin xeito, aquí me deito, alí me ergo, onde xiada, onde treboada. Non te deites tí ao sol.

21 Xov. ss. María Auxiliadora dos Cristianos, Victorio e Secundino.

*Sol en Geminis ás 8'53 da mañán*

22 Vier. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.
23 Sáb. A Aparición de Santiago Apóstol, ss. Desiderio, Basilio e Miguel.—*Abstinencia.*—I. B.
24 Dom. *de Pentecostés.*-ss. Torcuato (G), Susana, Robustiana e Xohán Prado.-I. B
25 Lun. ss. Xenadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio -I B.
26 Mar. ss. Felipe Neri e Zacarías.-I. B.
27 Miér. ss. Beda, Xohán, Restituta e Xulio.—*Témporas.*—I. B.
28 Xov. ss. Viliulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán i-Emilio.—*Anima.*—I. B.

*Chea as 5'3 da tarde*

Din os vellos que mayo val mais no principio que no cabo, que non se queixen onde chova que o pior é que veña un vran adiantado.

29 Vier. ss. Teodosia, Maximino e Madanela de Pacis.—*Témporas.*—*Abstinencia.* I. B.
30 Sáb. ss. Fernando Rey de España, Donadeo, Máximo e Monelo monxes do Bierzo, Sta. Egeria (G), Basilio e Fiz - *Témporas.*—*Anima.*-I. B.
31 Dom. A *Santísima Trinidade.*— ss. María Mediadora de Todal as Gracias, Petronila, Crescencio e Pascasio

## DITOS DE MAYO

Fraco é o mayo que non rompe coroza.
E mellor que chova sete mayos que un junio.
Nin mayo sin trebóns nin home sin calzóns.
En mayo come a vella cereixas ao lume.

Use polvos «Pinós» pras galiñas 

Biblioteca de Galicia

## XUNIO 30 DIAS

MES DE SAN XOHÁN

1 Lun. Beato Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G), Nosa Señora da Luz e ss. Inigo e Fortunato. I. B.
2 Mar. ss. Marcelino, Pedro e Erasmo. I. B.
3 Miér. ss. Paula, Clotilde, Isaacc e Ovidio.-I. B.
4 Xov. † *Santissimum Corpus Christi*.-ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.

*Míngoa as 5'35 da tarde*
Auga de San Xohán, tolle o viño e non da pan. Que un ventiño do norte barra o ceo.

5 Vier. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho
6 Sáb. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina.
7 Dom. *Infraoctava de Corpus.-Ofrenda do Reino de Galicia ao Smo. Sacramento en Lugo.* O Trunfo de San Pedro e S. Roberto
8 Lun. ss. Medardo, Salustiano e Maximiano.
9 Mar. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.
10 Miér. ss. Restituto, Ciriaca e Margarida.
11 Xov. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.

*Nova as 2'55 da tarde*
Din que tras de un mayo pardo ven un San Xohán craro; imos ver si se cumpre revirado ou terciado nesta lúa que escomenza.

12 Vier. *O Sagrado Corazón de Xesús.*—ss. Xohán de Sahagún, Nazario e Onofre.
13 Sáb. ss. Antonio de Padua e Luciano.
14 Dom. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.
15 Lun. ss. Vitón, Modesto, Crescencia e Benilde.
16 Mar. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.
17 Miér. ss. Manoel, Ismael e Pablo
18 Xov. ss. Efrén, Marco, Marcelina e Paula.
19 Vier. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio, Ursicino e Xuliana.


Merque polvos «Pinós» pros coellos

Biblioteca de Galicia

# CON POLVOS PINOS

los pollitos crecen sanos y robustos. Las polluelas adelantan dos meses la puesta. Las gallinas están más sanas y ponen los huevos cuando éstos alcanzan mejor precio.

Con toda clase de animales dan resultados admirables.



SIN POLVOS




CON POLVOS



Créeme, Tiburcio: usa POLVOS "PINÓS"

Exigid siempre POLVOS "PINÓS" en paquetes precintados que digan: Fabricante: Vda. JUAN PINÓS – GERONA –. No los admita a granel ni paquetes sin mi nombre, que no serán verdaderos.




Todos los paquetes llevan esta marca.

Biblioteca de Galicia




Biblioteca de Galicia

# CON POLVOS PINOS

los pollitos crecen sanos y robustos. Las polluelas adelantan dos meses la puesta. Las gallinas están más sanas y ponen los huevos cuando éstos alcanzan mejor precio.

Con toda clase de animales dan resultados admirables.



SIN POLVOS




CON POLVOS



Créeme, Tiburcio: usa POLVOS "PINÓS"

Exigid siempre POLVOS "PINÓS" en paquetes precintados que digan: Fabricante: Vda. JUAN PINÓS – GERONA –. No los admita a granel ni paquetes sin mi nombre, que no serán verdaderos.

Todos los paquetes llevan esta marca.

Biblioteca de Galicia



Biblioteca de Galicia



Biblioteca de Galicia

# CON POLVOS PINÓS

los peores cerdos de una cría adelantan a los mejores: ES SEGURÍSIMO.




Crecen sanos y robustos, engordan extraordinariamente, pesarán muchísimo más, os darán mayor beneficio y les evitaréis muchas enfermedades dándoles los POLVOS "PINÓS".

---

Hasta en pleno verano comen extraordinariamente bien.

---

Cada paquete contiene INSTRUCCIONES para su empleo.

---

Los POLVOS "PINÓS" se venden en Droguerías, Tiendas de Granos y similares. Si su proveedor no los tiene, pídalos directamente a Vda. de J. PINÓS—GERONA, y los recibirá franco de portes ferrocarril y embalaje desde 30 kilos en adelante.

Los buenos resultados de los POLVOS "PINÓS" son debidos a su extraordinario poder alimenticio y tener, además, la propiedad de lograr que los animales asimilen completamente cuanto comen sin dejar residuo alguno alimenticio entre sus excrementos. Consecuencia, que estando los animales mejor nutridos, dan los productos que les son peculiares de mejor calidad, y vigorizado su organismo, no les atacan, y si les atacan, resis-

## EN LOS TERNEROS DAN RESULTADOS SORPRENDENTES

ten muchas de las enfermedades que atacan y matan a los demás. Con los POLVOS "PINÓS" tendrá sus animales sanos, de pelo lustroso y le aumentarán y le pesarán mucho más. Les evitará muchas enfermedades y la carne será de mejor calidad. Las matanzas se conservan mejor. Las vacas, yeguas, ovejas y todo animal de cría le durará más tiempo, le dará las crías más sanas y robustas y tendrán la leche más abundante y de mejor calidad




Biblioteca de Galicia




Biblioteca de Galicia

# CON POLVOS PINÓS

los peores cerdos de una cría adelantan a los mejores: ES SEGURÍSIMO.




Crecen sanos y robustos, engordan extraordinariamente, pesarán muchísimo más, os darán mayor beneficio y les evitaréis muchas enfermedades dándoles los POLVOS "PINÓS".

---

Hasta en pleno verano comen extraordinariamente bien.

---

Cada paquete contiene INSTRUCCIONES para su empleo.

---

Los POLVOS "PINÓS" se venden en Droguerías, Tiendas de Granos y similares. Si su proveedor no los tiene, pídalos directamente a Vda. de J. PINÓS–GERONA, y los recibirá franco de portes ferrocarril y embalaje desde 30 kilos en adelante.

Los buenos resultados de los POLVOS "PINÓS" son debidos a su extraordinario poder alimenticio y tener, además, la propiedad de lograr que los animales asimilen completamente cuanto comen sin dejar residuo alguno alimenticio entre sus excrementos. Consecuencia, que estando los animales mejor nutridos, dan los productos que les son peculiares de mejor calidad, y vigorizado su organismo, no les atacan, y si les atacan, resis-

## EN LOS TERNEROS DAN RESULTADOS SORPRENDENTES

ten muchas de las enfermedades que atacan y matan a los demás. Con los POLVOS "PINÓS" tendrá sus animales sanos, de pelo lustroso y le aumentarán y le pesarán mucho más. Les evitará muchas enfermedades y la carne será de mejor calidad. Las matanzas se conservan mejor. Las vacas, yeguas, ovejas y todo animal de cría le durará más tiempo, le dará las crías más sanas y robustas y tendrán la leche más abundante y de mejor calidad




Biblioteca de Galicia

*Medra as 12'1 da mañán*
Algunha mellorfa non certa, as treboadas son poucas, o quentor ven de longo.

20 Sáb. ss. Silverio, Florentino e Macario.
21 Dom. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria.

*Sol en Cáncer as 5 da tarde*

VRAN

22 Lun. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.
23 Mar. ss. Zenón, Fiz e Agripina.
24 Miér. A Natividade de San Xohán Bautista e Santos Xohán Tersón (G) e Fausto.
25 Xov. ss. Orosia, Guillermo Próspero e Lucía.
26 Vier. ss. Payo de Tuy mártir (G), Hermoxio bispo (G). Xohán, Pablo e Virxinio.
27 Sáb. Nosa Señora do Perpétuo Socorro e S. Zoilo

*Chea as 3'29 da noite*
Chega o vran feito un mozo. E non embargantes, deica o corenta de mayo...

28 Dom. ss. León, Arximiro, Paulo, Benigno e Irene.
29 Lun. † *San Pedro e San Pablo.*—ss. Marcelo e Sirio.
30 Mar. A Conmemoración de Santiago Apóstol e Santa Emilia.

CRIA BEN OS BACORIÑOS

1. Criar ben os bacoriños é ter mañán bos bois e boas vacas.

2. Adica os mellores a recría.

3. Ordeña a vaca diantes de que mame o bacoriño: déixalle o leite que lle compre (tres ou catro litros no primeiro mes, seis ou sete no resto); nin mais nin menos, e que mude de sitio.

4. Os calostros son bós pra que o bacoriño medre.

5. Que deixe a vaca de todo aos seis meses. Dalle entón, pasto, herba seca, e unha mistura de fariña de millo, avea e salvado.



Biblioteca de Galicia

## XULIO 31 DIAS

MES DE SANT-IAGO

1 Miér. San Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso Señor Xesucristo, e ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.
2 Xov. A Visitación de Nosa Señora e S. Lonxinos.
3 Vier. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Euloxio.

*Míngoa as 10'3 da noite*

Nos días fresqueiros e leviáns non falla quen coide que tornamos atrás; xa veredes na lúa nova.

4 Sáb. ss. Laureano, Flavio e Teodoro.
5 Dom. ss. Antonio María Zacarías, Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.
6 Lun. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.
7 Mar. ss. Cirilo, Metodia, Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindís.
8 Miér. ss. Isabel, Agapito e Procopio.
9 Xov. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.
10 Vier. Beato Xohán Xacobo Fernandes mártir (G), ss. Xenaro e hirmans mártires, Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.
11 Sáb. ss. Dictino bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino.

*Nova as 2'48 da noite*

Quenta ben o sol e as treboadas andan de acó pra aló; quizais teñamos (cando encha) os días mais quentes do ano.

12 Dom. ss. Xohán Gualberto, Fiz e Marciana.
13 Lun. ss. Anacleto, Uxío, Xoel i-Esdras.
14 Mar. ss. Estebo abade (G), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino
15 Miér. ss. Enrique. Camilo e Antíoco.
16 Xov. Nosa Señora do Carmo e San Fausto.
17 Vier. ss. Alexo, Marcelino, León e Xenerosa.
18 Sáb. ss. Camilo, Mariña de Augasantas virxe e mártir (G), Sinforosa, Emiliano e Federico.— *Festa nacional.*
19 Dom. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.

 Use polvos «Pinós» pros bacoriños

Biblioteca de Galicia

*Medra as 4'47 da mañán*

Pouco ha ser, mais en xulio ten de chover; que sexa pouco o dano.

20 Lun. ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliano e Severa.
21 Mar. O Trunfo da Santa Cruz e ss. Práxedes, Feliciano e Xulia.
22 Miér. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.
23 Xov. ss. Apolinar, Bríxida, Bernardo e Liborio.

*Sol en Leo as 3'53 da noite*

CANICULA

24 Vier. ss. Cristina, Francisco Solano e Víctor.
25 Sáb. † O APOSTOL SANT-IAGO O MAIOR, PADROEIRO DA PATRIA. – ss. Cristóbal e Cucufate.
26 Dom. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela.

*Chea as 12'20 da mañán*

Chea quente que fai arregañar a campía. Días calmos; logo ha vir unha bris fresquiña que nos gorente.

27 Lun. ss Pantaleón, Xuliana e Semproniana.
28 Mar. ss. Víctor, Nazario, Celso i-Eladio.
29 Miér. ss. Marta. Serafina, Beatriz. Fiz e Próspero.
30 Xov. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Rufino.
31 Vier. ss. Inacio de Loyola e Pablo.

## DEIXATE D' ESO

No labio o cigarro aceso
coidando d' acurrunchar,
«¡Quén me dé un pau, doull' un peso»!
un veciño de Someso
berraba a todo berrar;
pero cando Xan Brandeso
co a moca ll' iba a axentar,
díxolle' él; «Déixate de' eso,
imos un neto a botar».

JOSÉ PÉREZ BALLESTEROS.



Biblioteca de Galicia

## AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARÍA

1 Sáb. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.-*Xubileo da Porciúncula*.-I. B.

2 Dom. ss. Alfonso María de Ligorio, Máximo e Nosa Señora dos Anxos.

*Mingoa as 3'16 da noite*

En agosto, anda a y-auga tras do toxo. Din que no primeiro de agosto é primeiro de inverno; desta feita se non foi na feira foi ó voltar dela.

3 Lun. A Invención de San Estebo e San Eufronio.

4 Mar. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelo.

5 Miér. Nosa Señora das Neves e San Emigdio.

6 Xov. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.

7 Vier. ss. Mamede, Caeteno, Alberto, Donato e Sicilia.

8 Sáb. Beato Roxeiro de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliano e Mariano

9 Dom. Nosa Señora a Pelengrina. Beata Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Xohán B. Vianney Cura de Ars, Román, Marciano e Cleto.

*Nova as 4'10 da noite*

A lúa do trinque ha poder inda ca chuvia si vén na sua axuda o vento, se non, poucas castañas e nabos furados.

10 Lun. ss. Lourenzo abogado contra os incendios e Paula.

11 Mar. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.

12 Miér. ss. Clara, Eusebio, Hilaria e Felicísima.

13 Xov. ss. Casiano Hipólita, Aurora i Elena.

14 Vier. ss Nuño Alvarez coengo (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.-*Aúno con abstinencia.*

15 Sáb. † *A Asunción, Nosa Señora de Todo o Mundo. Nosa Señora dos Ollos Grandes, Patrona de Lugo.* ss. Payo bispo (G) e Tarsicio.

16 Dom. ss. Roque e Xaquín pai de Nosa Señora.

 Use polvos «Pinós» pros porcos

Biblioteca de Galicia

17 Lun. ss. Godina abadesa i-Eufemia Virxe e mártir (G), Xacinto, Paulo, Xuliana, Librado e Anastasia.

*Medra as 8'8 do serán*

Temos melloría pouco certa. Por San Bartoloméu andará solto un demo de temporal.

18 Mar. ss. Leornardo, Clara i-Elena.
19 Miér. ss. Mariano Luis, Maxín e Xohán Eudes.
20 Xov. ss. Bernardo, Samuel e Severo.
21 Vier. ss. Fidel, Ciriaca e Xohana Francisca de Fremiot.
22 Sáb. *O Purisimo Corazón de María*.-ss. Fabriciano e Timoteo.
23 Dom. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.

*Sol en Virgo as 10'46 da mañán*

24 Lun. ss. Bartolomeu i-Aurea

*Chea as 8'21 do serán*

A chea escorrenta axiña o trebón; onde se afinque a sequía, lembraremos que en agosto secan os montes y-en setembro as fontes.

25 Mar. ss. Luis Rey de Francia, Xenso, María Micaela e Patricia.
26 Miér. ss. Ceferino, Segundo e Vítores
27 Xov. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.
28 Vier. ss. Agustín, Bibiano, Payo e Moisés.
29 Sáb. A Degollación de San Xohán Bautista.
30 Dom. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i Emeterio.
31 Lun. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lorenzana (G), Ramón Nonnato e Nosa Señora do Bó Viaxe.

*Mingoa as 10'46 da mañán*

Mingoante con pingas e pingotas, baixa o tempero e torna o nordés.



Biblioteca de Galicia

## SETEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL

1 Mar. ss Xil de Cayaso abade (G) e Lupo.
2 Miér. ss. Antolín, Estebo e Máxima.
3 Xov. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia
4 Vier. ss. Adrián eremita (G), Nosa Señora da Consolación, Cándida e Rosa.
5 Sáb. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.
6 Dom. ss. Eutelo, Uxío e Petronio
7 Lun. ss. Vicente abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa Señora dos Reises.
8 Mar. A Natividade de Nosa Señora e ss. Adrián e Adela

*Nova as 7'47 da mañán*

En setembro, come e vende, pro non seña tanto o comer que non deixes que vender. O mes que escomenzou con noitiñas fresqueiras o melloran as chuvias madrugadeiras.

9 Miér. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.
10 Xov. ss. Pedro de Mezonzo bispo autor da Salve (G), Nicolás de Tolentino e Pulqueria.
11 Vier. Nosa Sra. das Viñas e ss. Proto e Xacinto.
12 Sáb. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio.
13 Dom. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Euloxio e Maudillo.
14 Lun. A Exaltación da Santa Cruz e San Víctor. *Día da Escola Cristiana.*
15 Mar. Os Doores Groriosos de Nosa Señora e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.
16 Miér. ss. Cormelio, Cipriano i-Eufemia.— *Témporas.*—I. B.

*Medra as 9'49 da mañán*

Pra aproveitar o tempo, a xente bótase a vendimar cedo. Ollo cas treboadas.

17 Xov. As Chagas de San Francisco e San Pedro Arbués.
18 Vier. ss. Tomás de Villanueva, Xosé de Cupertino e Sofía.-*Témporas.-Abstinencia* -I B.

 Use polvos «Pinós» pras galiñas

Biblioteca de Galicia

19 Sáb. A Aparición da Virxe da Saleta, ss. Xenaro bispo e compañeiros mártires e María de Cervellón.-*Témpora.*-I. B.
20 Dom. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.
21 Lun. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.
22 Mar. ss. Tomás de Villanueva, Mauricio, Lourenzo e Xonás.
23 Miér. ss. Lino, Fausto e Trega.

*Sol en Libra as 8'6 da mañán*

*Chea as 4'15 da mañán*

O temporal pasa de longo anque fai danos; logo unha melloría que quer afincar.

24 Xov. Nosa Señora das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.
25 Vier. ss. Lope e Fermín.
26 Sáb. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.
27 Dom. ss. Cosme, Damián, Adolfo e Florentino.
28 Lun. Os Santos Bispos de Iria (G) e ss. Wenceslao e Máximo.
29 Mar. San Miguel Arcanxo.
30 Miér. ss. Xerome, Gregorio e Sofía.

## ¡PREGOEIRO!

¿Pregoeiro, pregoeiro,
queres pregoar meu nome?
Da iste pregón pol-os ventos;

«Quen teña visto ista noite
un corazón aqueixado
cheo de bagullas doces,
qu-o leve ao Señor Sant Yago,
qu-é o corazón d' un home
peleriño d'un amor
esquecido pol-os montes.
Levóuno unha rapaciña....
perdéuno non sei por ónde».

¿Pregoeiro, pregoeiro,
queres pregoar meu nome?

JUAN PÉREZ CREUS.

Use polvos «Pinós» pros pitos 

Biblioteca de Galicia

## OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXO

1 Xov. ss. Xervasio (G), o Santo Anxo Custodio e San Remixio.-*Festa Nacional do Caudillo.*
2 Vier. Os Anxos da Garda e ss. Saturio i-Eutelo.
3 Sáb. Beato Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido, Xerardo e Teresiña do Neno Xesús.
4 Dom. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.
5 Lun. ss. Froilán bispo Patrón de Lugo (G), Victorino e Plácido.
6 Mar. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.
7 Miér. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marcos.
8 Xov. ss. Demetrio, Payo Néstor e Bríxida.

*Nova as 12'40 da noite*

A nova anda embrullada co cordón do santo que bate rexo na terra e no mar; cando medre, asentará unha migalliña.

9 Vier. Nosa Señora da Cinta, ss. Dionisio Aeropagita e Xohán Leonardi.
10 Sáb. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino.
11 Dom. A Maternidá de Nosa Señora e ss. Nicasio, Xermán e Fermín.
12 Lun. Nosa Señora do Pilar e do Remedio.-*Festa oficial da Raza (Conmemoración do descobrimento de América).*
13 Mar. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio, A Aparición da Virxe de Fátima.
14 Miér. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
15 Xov. ss. Teresa de Xesús, Bruno e Fortunato.

*Medra as 9'44 da noite*

Andan a rifar un solciño de primaveira co vento mareiro. Tempo toleirón e desleigado.

16 Vier. ss. Florentino, Àmbrosio i-Eduviges.
17 Sáb. ss. Mariano, Mamerta, Víctor e Margarida María de Alacoque.
18 Dom. ss. Lucas, Xulián e Trifona.
19 Lun. ss. Pedro Alcántara e Rosina.

 Use polvos «Pinós» pras pitas

Biblioteca de Galicia

20 Mar. ss. Caprasio, Xohán, Cancio e Irene.
21 Miér. ss. Hilarión, Asterio e Arturo.
22 Xov. ss. María Salomé e Córdula.

*Chea as 12'56 da tarde*

Uns días coma de vran, unhas noites mesmo de inverno. Pouca seguranza. Algún andacio.

23 Vier. ss. Servando, Pedro Pascual, Xermán e o Beato A. María Claret.

*Sol en Escorpio as 5'7 da tarde*

24 Sáb. ss. Rafael Arcanxo, Fortunato, Martiño e Beata Paula de Frassinetti
25 Dom. *Festividade de Cristo Rey.* ss. Frutos, Crisanto e Daría.
26 Lun. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.
27 Mar. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina.
28 Miér. ss. Simón e Xudas Tadeo.
29 Xov. ss. Narciso, Xeroma i-Eusebia.-*Conmemoración dos Caídos.*

*Míngoa a unha da tarde*

Míngoa, e medran os ríos onde somella que vay librarse o ceo; enchentes de San Simón, soadas son.

30 Vier. ss. Cenobia, Clodio, Amparo e Alonso Rodríguez.
31 Sáb. ss. Urbano, Quintín e Narciso.

## «¡XENTIÑA POUCO COÑECIDA!»

«¡Anxela María!» Cando berramos así, asombradiños, non chamamos por ninguén, nin decimos, anque o pareza, un nome de muller senon ¡Anxel a María!, aludindo á sorpresa que tivo a Nosa Señora cando víu o que lle anunciaba a Encarnación.

Tampouco o Andana do que falamos cando nos «chamamos á andana», foi home nin muller. Chamarse á Altana ou a Aldana era «acollerse a Eirexa» o que andaba perseguido pol-a xustiza.

Antón Piruleiro non era Piruleiro senón Peruleiro, porque viña do Perú.

F. V.

Use polvos «Pinós» pros coellos


Biblioteca de Galicia

## NOVEMBRO 30 DIAS

MES DE SANTOS E DE DIFUNTOS

1 Dom. † *A Festa de Todol-os Santos.*-ss. Benigno, Cesáreo e María.
2 Lun. A Conmemoración dos Difuntos e S. Xusto.
3 Mar. Os Mártires de Zaragoza e ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.
4 Miér. ss. Carlos Borromeo e Domingo.
5 Xov. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.
6 Vier. ss. Leonardo e Severo.

*Nova as 5'58 da noite*

Imos probar o viño novo con lúa nova; que sexa mellor o viño que a lúa, pois anda revirando. O 14 pasa Don Mercurio por diante do Señor Don Sol. Que siga o seu camiño como Dios manda.

7 Sáb. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio.
8 Dom. San Alvito bispo (G), o Patrocinio de Nosa Señora e ss. Severiano. Severo e Victorino.
9 Lun. ss. Teodoro, Orestes e Agripina.
10 Mar. Nosa Señora da Almudena e ss. Aníano, Demetrio e Andrés.
11 Miér. ss Martiño ob., Bartolomé e Toribio.
12 Xov. ss. Martiño p., Millán, Diego Xosé Beato de Cádiz (G).
13 Vier. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono, Rufo e Diego de Alcalá.
14 Sáb. ss. Trahamunda de Poyo abogosa dos emigrantes (G), Serapio, Lourenzo e Venerando.

*Medra as 7'52 da mañán*

Deica San Martiño, din os petrucios, pan é viño; adiante de San Martiño, fame e frío; o do frío, é ben certo, desta feita.

15 Dom. ss. Alberto Magno, Uxío I, Leopoldo, Leoncio, e Abdón.
16 Lun. ss. Rufino, Marcos, Valero, Edmundo e Xertrudis.
17 Mar. ss. Gregorio, Acisclo e Victorio.

 Use polvos «Pinós» pros terneiros

Biblioteca de Galicia

18 Miér. ss. Teodoro, Román, Máximo e Odón.
19 Xov. ss. Isabel viuda, Ponciano e Crispín.
20 Vier. ss Félix de Valois, Simplicio e Agapito.- *Día de José Antonio.*

*Chea as 11'12 da noite*

Un vranciño curto; temos que aproveitalo que logo ven o temporal.

21 Sáb. A Presentación de Nosa Señora, ss. Estebo, Honorio e Rufo.
22 Dom. Beato Xohán de Pontevedra (G), ss. Cecilia, Columbano e Mario.

*Sol en Sagitario as 2'23 da tarde*

23 Lun. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia.
24 Mar. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Xohán da Cruz, Crisógono e Flora.
25 Miér. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.
26 Xov. Os Santos Mártires de Córdoba, ss. Silvestre e Pedro.
27 Vier. A Medalla Milagrosa, ss. Virxilio, Facundo e Primitivo.
28 Sáb. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano.— *Péchanse as velacións.* I. P.

*Míngoa as 8'16 da mañán*

Chuvia, moita chuvia. Neve nos outos. Por San Andrés, frío nos pes.

29 Dom. *I de Advento.*-ss. Iluminada e Saturnino.
30 Lun. ss. Andrés, Constancia e Xustina.

## CANTIGAS

Xastre quéroch' un recado
e non é sobr' a costura,
o que quero é preguntarche
se o mal d' amores ten cura.

—

Hey cantar por darche gusto,
vida do meu corazón.
Hey cantar por darche gusto
que por outra cousa, non,



Biblioteca de Galicia

## DECEMBRO 31 DIAS

MES DE NADAL

1 Mar. ss. Eloy, Natalia e Cándida.
2 Miér. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.
3 Xov. ss. Francisco Xavier e Claudio.
4 Vier. ss. Pedro Crisólogo, Osmundo, Cleto e Bárbara.
5 Sáb. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.
6 Dom *II de Advento.*—ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i-Emiliano. —I. P.

*Nova as 10'48 da mañán*

A derradeira do ano non pode gorentar a todos. Logo de días con raxeiras de sol, chuvias abondo.

7 Lun. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.
8 Mar. † *A Purísima Concepción de Nosa Señora.*-ss Macario i-Esther.
9 Mier. ss. Restituto, Cipriano e Locaya.
10 Xov. San Florencio abade (G), Nosa Señora de Loreto e ss. Eulalia i-Hermóxenes.
11 Vier. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.
12 Sáb. Nosa Señora de Guadalupe e S. Constancio.
13 Dom. *III de Advento.*—ss. Lucía, Uxío e Orestes.—I. P.

*Medra as 4'30 do serán*

Míngoan, non moito, as chuvias. Vento e neve na montana. Ollo cos temporales.

14 Lun. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo, i-Espiridión.
15 Mar. ss. Eusebio, Valeriano. Máximo e Fortunato.
16 Miér. ss. Uxío, Valentín e Delaira.-*Témpora.*-I. B.
17 Xov. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.
18 Vier. Nosa Señora da O antiga Patrona de Pontevedra.-*Témpora.-Abstinencia.*-I. B.
19 Sáb. ss. Nemesio e Timoteo.-*Témpora.- Aúno e abstinencia.* I. B.
20 Dom. *IV de Advento.*—ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.-I. P.

 Use polvos «Pinós» pros porcos

Biblioteca de Galicia

*Chea as 11'43 da mañán*
Melloría con pouca seguranza. Noites moy frías. Neve callada.

21 Lun. ss. Ildaura nai de San Rosendo e Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio. I. P.
22 Mar. ss Demetrio, Zenón i-Elena.

*Sol en Capricornio as 3'32 da noite*
INVERNO

23 Miér. ss. Victoria, Nicolás, Sérvulo e Vintila.
24 Xov. *Noiteboa.*-ss Gregorio, Eutimio e Luciano.
25 † Vier. A *Natividade de Noso Señor Xesucristo.*-Santa Anastasia.-I. B
26 Sáb. ss Estebo e Mariano.—*Abrense as velacións.*-I. B.
27 Dom: ss. Xohán Apóstol, Nicereta e Teodoro.-I. B.
28 Lun. Os Santos Inocentes, Agape e Teófila de Cantorbery. I. B.

*Mingoa as 5'43 da mañán*
Mingoa a lúa e medran a friaxe e mais as chuvias. Imos abrir mollados a Porta Santa Mais., non faltará unha rayoliña,

29 Mar. Beato Vidal abade (G). ss. David e Tomás.
30 Miér A Tralación de Sant-Iago e San Sabino.
31 Xov. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Paulina.

REISES

Festa temos, galleguiños.
¡Alegría! a Belén vamos
dos ánxeles é pastores
a ouvir o meloso canto.
En Belén naceu un neno,
tan garrido com' o sol,
e foron os Reises Magos
a ofrecerlle o seu amor.
¡Ay qué neno tan bunito!
¡Qué cariña tan galana!
Nunca fillo tan garrido
naceu n' a nosa montaña.

ANTONIO GARCÍA BOADO.

Use polvos «Pinós» pras eguas


Biblioteca de Galicia

## O ALALALAA...

Si é que escoitades, cando o sol morre,
cando a ovelliña no monte bala,
un canto tenro, vago e subrime
que conmovida vos deixa a y-alma;
un canto brando, pero queixoso,
que de pasados recordos fala;
é o mellor canto da nosa terra
é o alalalaa...

Cántan-o as mozas que o gando coidan,
cántan-o os homes que os eidos labran,
cantando os nenos que san da escola
van ísa cántiga...
¡Ay qué feitizos eiquí en Galicia
ten o alalalaa!...

VALENTIN LAMAS CARVAJAL.

## «¡XENTIÑA POUCO COÑECIDA!»

O Conde de Lemos que, según o dito, dixo: «Outro bobo temos» sería D. Pedro Fernández de Castro, o que protexeu a Cervantes.

—

O de «parecese ao Deán» ven pol' o conto que, do de Santiago, conta o Príncipe D. Juan Manuel.

—

O que «asou a manteiga» sería o cociñeiro Martiño, que pubrica unha receta pra facelo

—

E os tempos de Maricastaña foron fay mais de quiñentos anos. Ela era nosa paisana, e das que «lonxe, lonxe», pois púxose contra o Bispo de Lugo e andivo na morte do seu maordomo D. Pedro López de Aguiar. O 1386 foi «o ano de Maricastaña».

F. V.


Use polvos «Pinós» pros pitos

Biblioteca de Galicia

## A SANTA MARGARIDA DE CALLOBRE NO DIA DA SUA FESTA

### Pregaria

Miña Margarida Santa,
miña Santa Margarida,
miña Santa Milagreira,
Virxe-mártir d' Antioquía,
que de fai xa longos anos
viñéches, pra nosa dita,
a facerte callobresa
n-iste verxel de Galiza,
onde as roseiras frolecen,
i-as auras manso sospiran,
i-os paxariños degraen
as suas cadencias infindas,
tí, que de Deus pol a gracia
ostentas a abogacía
d' iste mal que fura o coiro
ós que de veras cho pidan,
vóuche facer unha súprica,
miña Santa Margarida:
Todo o que a muiñeira baile
n-ista tua romaría,
y-en ves de beilala solto
a baile d' agarradiña,
relaxando así os costumes,
ultraxando así a Galiza,
anque moito cho suprique
e de xionllos cho pida,
por moira estiza que teña
bótalle inda mais por riba.
E si ningunha tivera,
¡císcalle unha migalliña!

Ken Keirades.

Use polvos «Pinós» pras galiñas


Biblioteca de Galicia

*Incio.*-O 22.

*Láncara.*-O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Río (Esfarrapa).

*Lorenzana.*-O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

*Lugo.*-O 4, 5 e 6 de Outono (anual); primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados o martes e viernes; penúltimo día de cada mes Nadela

*Meira.*—O segundo e coarto domingo.

*Mondoñedo.*-O 17, 18 e 19 de Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercados os xoves e domingos. Quendas o 2 de Mayo (anual).

*Monterroso.*—O 1.° e o 15 e mercados os miércoles; 1.° de Novembro anual.

*Monforte.*-O 6 e 24, e mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

*Muras.*-O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

*Neira de Jusá.*-1.° e 18 Baralla; 7 Sobrado.

*Navia de Suarna.*-Segundo domingo e derradeiro viernes; 23 de Febreiro e 29 Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo Rao.

*Negueira.*-O segundo domingo.

*Os Nogales.*-O segundo domingo, Doncos.

*Orol.*-O primeiro domingo, Miñotos.

*Palas de Rey.*—O 7 e o 19 e mercado os sábados.

*Pantón.*-O 1.° e o 15 Ferreira.

*Páramo.*-O 10.

*Pastoriza.*-Cada quince días en domingo alterno Bretoña; o segundo e coarto sábado Reigosa.

*Piedrafita.*-O 5 e o 21 e o 8 de Setembro (anual).

*Pol.*-O 1.° e o 15 Rioxuán; 7 e 21 Mosteiro.

*Puebla do Brollón.*-11 e 25; 29 Xunio (anual); 3 Estación

*Puertomarín.*—Mercado os domingos.

*Quiroga.*-O 10 e 27.

*Rábade.*-O 2 e o 22 e mercado os xoves.

*Ribadeo.*-Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

*Riotorto.*-Mercados os sábados; 14 e 25 de cada dous meses Moxueira.

 Use Polvos «Pinós» pros coellos

Biblioteca de Galicia

*Rivas do Sil*.-O 16

*Samos*.-O 15; 17 Ponte do Lózara; 4 Castroncán.

*Sarria*. O 6, 20 e 27; San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

*Saviñao*.-O 8 Escairón; 26 Currelos

*Sober*.-O 8 e o 18.

*Taboada*.-O 20 e mercados os sábados.

*Trabada*.-O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo, San Fernando (anual).

*Trasparga*.-O 28 e o domingo entre o 9 e 15 Parga; 23 Santa Cruz de Parga; 7 Vilares; o último domingo Guitiriz e mercado os miércoles.

*Triacastela*.-O 12 e o 28.

*Valle d' Ouro*. O miércoles siguiente ao terceiro domingo e mercado os sábados

*Villameá*. Cada quince días en domingo que non coincida ca de Meira, e mercados todos os domingos.

*Viveiro*. O primeiro e terceiro domingo e mercados os xoves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; luns de Pascoa Cobas (anual).

*Villalba*. O primeiro domingo e martes siguientes ao terceiro e mercado os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes

*Xove*.-Rigueira e Xove o coarto domingo.

## Feiras anuales de Galicia

*Xaneiro* 7, Portes, 8, Navallos.-*Febreiro* 3, Portomarín. -*Marzo* Domingo de Lázaro, Sarria.-*Abril* 6, Noya; luns de Cuasimodo, Tuy; luns de Pascoa, Cobas en Viveiro.-*Mayo* Día da Ascensión, Santiago; 30, Balboa Ribadeo; Pascua de Pentecostés Padrón; Ourense; 29, Somiedo e Brollón en Quiroga.-*Xulio* 2 A Cruña; 25; Santiago.-*Agosto* Pol-a Peregrina, Pontevedra; 10, San Bartolomé en Penas Agudas Viveiro.-*Setembro* 8, Fonsagrada tres días; terceiro domingo Becerreá; 8, Piedrafita do Cebreiro; *Octubre* 5, Lugo tres días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, tres días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá; último domingo Ponte Novo.-*Novembro* 1, Monterroso e Pontevedra; 12, Becerreá.

Biblioteca de Galicia




Biblioteca de Galicia